

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 1 DE DECEMBRO DE 2022

Ás 10:00 horas do día 1 de decembro de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 28 de novembro de 2022, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidente/a:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos de Dirección de Ingresos  
María del Carmen Pazos Area, suplente da xefa da Inspección de Tributos e a directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada (asiste aos puntos 2a e 4a)  
D<sup>a</sup>. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe da Área de Investimentos (asiste aos puntos 5a e 6a)  
D<sup>a</sup>. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 9a e 10a)  
D<sup>a</sup>. María Dapena Gómez, xefa da Área de Recursos Humanos e Formación (asiste aos puntos 9b, 10b e 14a)  
D. Fernando Carballo Villar, suplente do xefe do Servizo de Medio Ambiente (asiste ao punto 11a)  
D<sup>a</sup>. Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade (asiste ao punto 11b)  
D. José Ángel Lago Filgueira, suplente do xefe do Servizo de Deportes (asiste ao punto 11c)  
D. Guillermo Domínguez López, xefe do Servizo de Extinción de Incendios (asiste ao punto 11d)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributaria e edificatoria (2893-500)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 18:21	Páxina 1 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A64C-8H56EB-2EE8ED-QML8VN-R8XN2M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. EIBISA NORTE S.L.
2. LAYA GESTION Y SERVICIOS SL
3. SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U.

#### 4.- Apertura da documentación técnica

##### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributaria e edificatoria (2893-500)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédeuse á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

#### 5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

##### a) Procedemento aberto para a contratación da execución das obras do proxecto de cubrición do patio do CEIP Javier Sensat (1296-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo técnico medio en Topografía, a enxeñeira industrial e o enxeñeiro de camiños o 28 de novembro de 2022 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 18:21	Páxina 2 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A64C-8H56EB-2EE8ED-QML8VN-R8XN2M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## 6.- Apertura económica

### a) Procedemento aberto para a contratación da execución das obras do proxecto de cubrición do patio do CEIP Javier Sensat (1296-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo sen IVE
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U	257.864,97 €
2	CONSTRUCCIONES ABAL S.A.	254.025,32 €
3	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS SL	223.350,00 €
4	ORECO BALGON, S.A.	275.588,28 €
5	PROSEMA NOROESTE, S.L.	217.750,00 €

Asiste como público á apertura:

1. D<sup>a</sup>. Begoña Rivas Baltar, con DNI **\*\*.\*13.5\*\*.\***, en representación de Federación Galega de la Contrucción
2. D. Noel Soto Rodríguez con DNI **\*\*.\*13.4\*\*.\***, en representación de PROSEMA NOROESTE, S.L.
3. D<sup>a</sup>. Ana María Alonso Costas con DNI **\*\*.\*25.3\*\*.\***, en representación de PROSEMA NOROESTE, S.L.
4. D. Jacobo Naveira Sánchez con DNI **\*\*.\*08.0\*\*.\***, en representación de DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

## 9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

### a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo "C" para as instalacións de calefacción e produción de auga quente sanitaria (AQS) nos colexios públicos de educación infantil e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (26213-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación o 23 de novembro de 2022 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 18:21	Páxina 3 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A64C-8H56EB-2EE8ED-QML8VN-R8XN2M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

### **b) Procedemento aberto para a contratación da xestión da Seguridade Social no Concello de Vigo en cumprimento de obrigas legais (39142-220)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado pola técnica media de Relacións Laborais, a técnica de Administración Xeral e a xefa da Área de Recursos Humanos o 28 de novembro de 2022 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

### **c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de organización e xestión de elementos promocionais que terá como fin a promoción turística do destino Vigo con motivo da celebración da Feira Internacional de Turismo (FITUR) 2023 (8277-104)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica en Actividades Turísticas e a Concelleira de Turismo e Xuventude o 28 de novembro de 2022 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

## **10.- Propostas de clasificación/clasificación**

### **a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo "C" para as instalacións de calefacción e produción de auga quente sanitaria (AQS) nos colexios públicos de educación infantil e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (26213-332)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo "C" para as instalacións de calefacción e produción de auga quente sanitaria (AQS) nos colexios públicos de educación infantil e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (26213-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	% de desconto ofertado sobre o prezo de referencia do gasóleo (PR)
1	ESERGUI DISTESER, S.L.U.	4,5%



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 18:21	Páxina 4 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A64C-8H56EB-2EE8ED-QML8VN-R8XN2M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



2	GASÓLEOS AMIGO, S.L.	0,56%
---	----------------------	-------

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESERGUI DISTESER, S.L.U. (B95799664), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5F do Anexo I -FEC- (*"deberá ser distribuidor autorizado para a subministración de combustibles segundo Organismos Oficiais competentes e estar inscrita no Rexistro de distribuidores de produtos petrolíferos correspondente. Cumprirá os requisitos para a distribución ao pormenor de produtos petrolíferos da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos e os requisitos que sexan de aplicación do Real Decreto 2085/1994, do 20 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Petrolíferas e as súas ITCs, así como a normativa autonómica vixente de aplicación"*).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

**b) Procedemento aberto para a contratación da xestión da Seguridade Social no Concello de Vigo en cumprimento de obrigas legais (39142-220)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da xestión da Seguridade Social no Concello de Vigo en cumprimento de obrigas legais (39142-220) na seguinte orde descendente:

	Licitador	CIF	Puntuación
1º	SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L.	B80004732	100 puntos.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA, S.L. (B80004732), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

**c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de organización e xestión**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 18:21	Páxina 5 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A64C-8H56EB-2EE8ED-QML8VN-R8XN2M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**de elementos promocionais que terá como fin a promoción turística do destino Vigo con motivo da celebración da Feira Internacional de Turismo (FITUR) 2023 (8277-104)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de organización e xestión de elementos promocionais que terá como fin a promoción turística do destino Vigo con motivo da celebración da Feira Internacional de Turismo (FITUR) 2023 (8277-104) na seguinte orde descendente:

	<b>LICITADOR</b>	<b>VALORACIÓN</b>
1	ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U.	86 PUNTOS
2	TORRES Y CARRERA CONSULTORES DE COMUNICACIÓN S.L,	58,3 PUNTOS

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U. (B27786045), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”

**11.- Propostas de adxudicación**

**a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de produtos de ferraxería, fontanería, fechaduras, ferramentas, pequenas máquinas e similares para a Concellería de Medio Ambiente e Vida Saudable (11475-612)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación lémbrese á Mesa a adopción do acordo de clasificación na sesión que tivo lugar o 17 de novembro de 2022, nos seguintes terminos:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de produtos de ferraxería, fontanería, fechaduras, ferramentas, pequenas máquinas e similares para a Concellería de Medio Ambiente e Vida Saudable (11.475-612) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 18:21	Páxina 6 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A64C-8H56EB-2EE8ED-QML8VN-R8XN2M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



	Licitador	Baixa proporcional única
1º	INTERNACO GREEN SPACE, S.L.	40%
2º	SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L.	21%

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTERNACO GREEN SPACE, S.L. (B-70.607.122), para que presente, no prazo de sete días hábiles, unicamente a documentación non recollida no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (cláusulas 8 e 22.1 do PCAP):

1. Documentación acreditativa da representación: poder outorgado a favor de quen subscribiu a proposición, xunto cunha copia do Documento Nacional de Identidade.
2. Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.
3. Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
4. Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
5. Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 do PCAP, conforme ao modelo incluído no Anexo IV."

Este acordo foi notificado o día 17 de novembro de 2022 ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTERNACO GREEN SPACE, S.L. (B70607122), quen, dentro do prazo concedido, non presenta ningunha da documentación requirida.

A vista do anterior, a Mesa entende por retirada a oferta de INTERNACO GREEN SPACE, S.L. e acorda, por unanimidade, solicitar a mesma documentación ao licitador clasificado en segundo lugar, SUMINISTROS PUNTO FIJO, S.L. (B27815539), en virtude do disposto no artigo 150.2 da LCSP:

1. Documentación acreditativa da representación: poder outorgado a favor de quen subscribiu a proposición, xunto cunha copia do Documento Nacional de Identidade.
2. Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.
3. Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
4. Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
5. Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 do PCAP, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.

**b) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos do Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero (11694-224)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 18:21	Páxina 7 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A64C-8H56EB-2EE8ED-QML8VN-R8XN2M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos do Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero (11694-224)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 29 de setembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero.*

*Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola Técnica de Administración xeral e pola Xefa do servizo de Contratación o 7 de setembro de 2022*

*Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado o 7 de setembro de 2022.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 37.750,78, que inclúe un IVE (21%) de 6.551,79 € para a contratación da xestión do programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero, que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria "Plan municipal de Igualdade" 2311 2279906 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos dos exercicios 2022 e 2023, desglosado do seguinte xeito: 405,92 € imputaranse ao orzamento do exercicio 2022, e 37.344,86 € imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2023, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no futuro orzamento.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 18:21	Páxina 8 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A64C-8H56EB-2EE8ED-QML8VN-R8XN2M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



*Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente."*

**Segundo.-** A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 17 de novembro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos do Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero (11.694-224) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	FUNDACIÓN ALDABA	95 puntos

*Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, FUNDACIÓN ALDABA (G-82.453.606), para que presente, no prazo de sete días hábiles, unicamente a documentación non recollida no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (cláusulas 8 e 22.1 do PCAP):*

1. *Documentación acreditativa da representación: poder outorgado a favor de quen subscribiu a proposición, xunto cunha copia do Documento Nacional de Identidade.*
2. *Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 do Anexo I -FEC-.*
3. *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
4. *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 do PCAP, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
5. *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC."*

**Terceiro.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, FUNDACIÓN ALDABA (G-82.453.606), o día 17 de novembro de 2022, que presenta a documentación requirida o 25 de novembro de 2022, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 1 de decembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 18:21	Páxina 9 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A64C-8H56EB-2EE8ED-QML8VN-R8XN2M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar FUNDACIÓN ALDABA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adjudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por FUNDACIÓN ALDABA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 25 de outubro e 7 de novembro de 2022, respectivamente

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adjudicar á FUNDACIÓN ALDABA (G-82.453.606) o procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos do Programa de intervención de apoio familiar e social coas persoas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para vítimas de violencia de xénero (11694-224) por un prezo total de 30.800,00 euros (exento de IVE) e coas seguintes condicións:*

- 1. Incrementa a experiencia laboral como educadora social na execución directa de proxectos que inclúan intervención sociofamiliar con mulleres e/ou menores en situación de violencia de xénero dos medios persoais adscritos ao servizo en 56 meses.*
- 2. Incrementa a formación en materia de Igualdade dos medios persoais adscritos ao servizo en 60 horas.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 18:21	Páxina 10 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A64C-8H56EB-2EE8ED-QML8VN-R8XN2M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



**c) Procedemento aberto do servizo de limpeza das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas, procesos de tratamento de desinsectación, desratización, desinfección, colectores hixiénicos sanitarios e illas ecolóxicas (4792-611)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento do servizo de limpeza das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas, procesos de tratamento de desinsectación, desratización, desinfección, colectores hixiénicos sanitarios e illas ecolóxicas (4792-611)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 31 de maio de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto DO SERVIZO DE LIMPEZA BÁSICO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLARÍA DE DEPORTES, VESTIARIOS, SERVIZOS HIXIÉNICOS E OUTROS ESPAZOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.*

*Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 28 de abril de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 12 de maio de 2022.*

*Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de 3.598.545,52 euros con iva, sendo o IVE 624.540,96 euros, e co seguinte distribución de anualidades.*

**DISTRIBUCIÓN ORZAMENTARIA**

PERIODO	DATAS	IMPORTE CON IVE	APLICACIONES ORZAMENTARIA
2022	16/09/2022-31/12/2022	264.892,93 €	3420.2270000



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 18:21	Páxina 11 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A64C-8H56EB-2EE8ED-QML8VN-R8XN2M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

2023	01/01/2023-31/12/2023	899.636,38 €	3420.2270000
2024	01/01/2024-31/12/2024	899.636,38 €	3420.2270000
2025	01/01/2025-31/12/2025	899.636,38 €	3420.2270000
2026	01/01/2026-15/09/2026	634.743,45 €	3420.2270000
		3.598.545,52 €	

O contrato financiarase con cargo a seguinte aplicación orzamentaria 3420.2270000" limpeza" e bolsa de vinculación.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 29 de agosto de 2022 adoptou a resolución de clasificación resultando en primeiro lugar SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE, S.A. e, excluídos, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados e non cumprir os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe emitido polo adxunto e o xefe do Servizo de Deportes de data 23 e 24 de agosto de 2022, LIMPIEZAS CIES, S.L. e GARBIALDI, S.A.

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE, S.A, o día 29 de agosto de 2022, que presenta a documentación requirida o 7 de setembro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 9 de setembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

**Quinto.-** A Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, adoptou o acordo de adxudicación do presente procedemento en data 15 de setembro de 2022, acordo que foi notificado a todos os licitadores admitidos inicialmente neste procedemento en data 16 de setembro de 2022.

**Sexto.-** D. José Antonio Souto López, en nome e representación de GARBIALDI, S.A., o 30 de setembro de 2022, dun recurso especial en materia de contratación (nº 168/2022) ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da CCAA de Galicia (en adiante TACGAL) contra a adxudicación do presente procedemento, se ben as alegacións versan sobre a súa exclusión por conter a súa oferta valores anormais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 18:21	Páxina 12 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A64C-8H56EB-2EE8ED-QML8VN-R8XN2M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Sétimo.-** En data 28 de outubro de 2022, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia adopta a Resolución nº 195/2022, da que toma razón a Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria do 10 de novembro de 2022, na que resolve estimar o recurso interposto por GARBIALDI, S.A., levanta a suspensión e da traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de retrotraer as actuacións do expediente ao momento de analizar as ofertas incursas en presunción de temeridade, tendo en conta a devandita resolución.

**Oitavo.-** En data 17 de novembro de 2022 a Mesa de Contratación acordou, á vista das actuacións practicadas, dos acordos adoptados e da resolución nº 195/2022, do 28 de outubro de 2022, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, entre outros asuntos (punto 10a da orde do día), formular proposta de clasificación no presente procedemento.

**Noveno.-** A concelleira delegada de Contratación adopta, na mesma data, a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do servizo de limpeza das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas, procesos de tratamento de desinsectación, desratización, desinfección, colectores hixiénicos sanitarios e illas ecolóxicas (4.792-611) na seguinte orde descendente:*

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	GARBIALDI, S.A.	88,24
2	SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE, S.A.	87,11
3	SAMYL FACILITY SERVICES, S.L.	81,16
4	SACYR FACILITIES, S.A.	72,58
5	EULEN, S.A.	60,30

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GARBIALDI, S.A. (A-48.408.769), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*



**Décimo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, GARBIALDI, S.A. (A-48.408.769), o día 18 de novembro de 2022, que presenta a documentación requirida entre os días 28 e 29 de novembro de 2022, dentro do prazo concedido.

**Undécimo.-** A Mesa de Contratación na sesión do 1 de decembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GARBIALDI, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GARBIALDI, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 27 de xullo e 1 de agosto de 2022, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a GARBIALDI, S.A. (A-48.408.769) o procedemento aberto para*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 18:21	Páxina 14 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A64C-8H56EB-2EE8ED-QML8VN-R8XN2M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



a contratación do servizo de limpeza das instalacións deportivas municipais dependentes da Concellaría de Deportes, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos das instalacións deportivas, procesos de tratamento de desinsectación, desratización, desinfección, colectores hixiénicos sanitarios e illas ecolóxicas (4792-611), coas seguintes condicións:

a) O prezo total do contrato é de 3.195.700,01 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 554.625,61 euros, co seguinte detalle:

	<b>Importe C/IVE</b>	<b>IVE</b>
<b>Parte fixa</b>	3.019.910,48 €	524.116,68 €
<b>Parte variable</b>	175.789,53 €	30.508,93 €
<b>Prezo total</b>	3.195.700,01 €	554.625,61 €

- b) Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G das FEC do PCAP para as limpeza especializadas de moquetas e practicables de ximnasia, virus, fungos e bacterias do 99,99 %.
- c) Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G das FEC do PCAP para as limpeza especializadas de cristais en altura e limpeza en altura, así como conducións de aire do 99,99 %.
- d) Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G das FEC do PCAP para as limpeza especializadas de resinas do 99,99 %.
- e) Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G das FEC do PCAP para as limpeza extraordinarias de eventos deportivos e COVID do 99,99 %.
- f) Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G das FEC do PCAP para os supostos de modificacións da parte fixa do contrato do 99,99 %.
- g) Comprométese a que todos os produtos de limpeza que se utilizarán durante a execución do contrato deberán posuír a etiqueta ecolóxica tipo I, segundo a norma UNE-EN ISO 14024:2018 ou equivalente.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

**d) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a impartición dun curso teórico-práctico de rescate acuático en lámina superior para o persoal de extinción de incendios e salvamento do Concello de Vigo (6.715-213)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación lembra aos mesmos da mesa que en data 18 de novembro de 2022 notificouse a VERTICALIA SERVICIOS DE FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. o acordo de clasificación de data 17 de novembro de 2022, requeríndolle a documentación correspondente en virtude do artigo 150.2 LCSP.



Revisada a documentación presentada por VERTICALIA SERVICIOS DE FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. en data 30 de novembro de 2022, a mesa acorda por unanimidade dar un prazo de 3 días para a emenda da mesma. En concreto, deberá presentar xustificación suficiente da solvencia técnica xa que os certificados e facturas presentados non alcanzan 32.877,60 € que é a cantidade establecida polo PCAP para a devandita solvencia.

#### 14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

##### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1533-2202)

Dáse conta da interposición do recurso especial en materia de contratación nº209/2022 ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), de data 18 de novembro de 2022, por parte D. Jorge Juan González Cuenca, en nome e representación de PREVISIONOR, S.L. contra os pregos que rexen a presente licitación.

A secretaria comunica aos membros da Mesa que a Xunta de Goberno local tomou razón desta resolución na sesión do 24 de novembro de 2022.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2024 18:21	Páxina 16 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A64C-8H56EB-2EE8ED-QML8VN-R8XN2M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		